

REGRESO AO FUTURO (40 ANIVERSARIO)

1653

Robert Zemeckis, 2025

ESTREA EN NUMAX: 19.12.2025 | V.E. / V.O.S.E. | 116 min | TP

O adolescente Marty McFly é amigo de Doc, un científico ao que todos toman por tolo. Cando Doc crea unha máquina para viaxar no tempo, un erro fortuíto fai que Marty chegue a 1955, ano no que os seus futuros pais aínda non se tiñan coñecido. Despois de impedir o seu primeiro encontro, deberá conseguir que se coñezan e casen, do contrario, a súa existencia non sería posible.

«Unha comedia de ciencia ficción
salvaxemente entretida, chea de
encanto e tenrura»

Paul Attanasio, THE WASHINGTON POST



Un acontecemento cultural

Por Por Guido Negretti

Hai experiencias cinematográficas que van alén do simple goce visual. Efectivamente, hai experiencias que son, de seu, elementos culturais que forman parte dun continuum social; recoñécese polo feito de saber extraer do elemento fílmico algo que supera o concepto de narración e que, en consecuencia, crea un diálogo entre espectador e espectáculo. Suponse que nalgúns casos o *zeitgeist* está tan ben atrapado que traspasa os límites da súa temporalidade (o cando da súa creación) e sen perder o rumbo das barreiras inquebrantables da súa data de nacemento logra abrirse ante as repercusións singulares que nacen no momento de ser conquistado polos ollos. É un elemento cultural, entón, o que se presenta na pantalla, unha “cousa” que logra crear o seu espazo dentro do que resulta ser emblemático dunha determinada época e que, ao mesmo tempo, se insire nas ideas sempiternas que se basean nos desexos repetidos de cada un de nós.

A viaxe temporal, efectivamente, forma parte das ideas de cada persoa. Poder moverse no fluír das cousas, como no caso de Wells e do seu tripulante, é un desexo que nunca poderá verse cumprido polas leis da física. É algo onírico, entón, que se basea no feito de recoñecer que se puidésemos viaxar na historia da humanidade para cambiar o seu rumbo si o fariamos. E viaxar nos segundos, minutos, horas e máis significa tamén poder ver o que foi e o que será, abríndonos paso cara ao acto mesmo de experimentar algo que nos resulta imposible nas nosas vidas cotiás. A cuestión é entón moi humana, case parte de nosa mesma carne, e ben se ve levada á pantalla por un Fox capaz de ser o noso avatar e de permitírnos ir máis aló do que a ciencia nos permite. Perfecto, efectivamente, é o concepto dun pasado non moi afastado que é tamén o punto de partida para un desquite, para descubrir como eran os nosos pais, e para achegarse perigosamente ao incesto.

E é tamén, a película de Gale e Zemeckis, a representación da súa época, a de Pepsi e Reagan, a dun consumismo que aínda estaba nas súas fases iniciais e que mantiña certo chisco de inocencia. É un volver a un pasado non moi afastado, dos anos que foron, a través dun punto de vista dos anos oitenta nuns Estados Unidos que resultaban ser o soño de moitos dos que vivían polo globo naquel entón. O *American Dream* das grandes marcas así como duns anos cincuenta tan liviáns como tamén tan humanos. Son os pais que se converten en seres tridimensionais, diferentes de como os coñecemos na nosa contemporaneidade, quizais completamente distintos e iguais a nós mesmos. Todo funciona, entón, desde un punto de vista cultural e social, e efectivamente a película converteuse nun emblema dos anos oitenta estadounidenses, grazas á idea dun Marty McFly completamente fillo do seu tempo dentro do marco dos seus pais. Unha cuestión, por suposto, que as secuelas seguirían explotando para o goce do público.

Que é, entón, *Regreso ao futuro*? Que representa dentro da historia cinematográfica? É unha mestura pop de cuestións fundamentais do ser humano, como a de superar os nosos medos, o feito de atopar a nosa propia capacidade de crer en nós mesmos, de como unhas simples eleccións poden cambiar o rumbo da nosa vida. E é tamén un produto extremadamente *pulp* xa que logra reelaborar a ciencia ficción barata e remoldear o elemento do científico tolo ou das leis temporais. É, máis simplemente, un elemento imprescindible da filmografía cultural ou da cultura fílmica, e permite a todos achegarse a cuestións tan profundas como a morte e a amizade, desde un punto de vista tan lixeiro e divertido que nos fai pensar que tanto o pasado como o futuro conflúen moitas veces no acto de allearnos da nosa realidade e de mergullarnos na dos soños, a que só a arte, como o fílmico, sabe ofrecer.